



## Teatro Amador. ¿Por que?

Rosa E Gantes

Semella fácil a resposta. Un motivo para a acción colectiva e cultural, o pracer de comunicarse con os demais, unha forma de liberación, un achegamento a literatura, a outros universos ... ou simplemente un divertimento. Até aquí, razóns dabondo para facer teatro.

Mas quen pasou pola experiencia, pasou pola responsabilidade e o traballo de seleccionar unha obra, pola dificultade de aprender o texto entre as horas do traballo, estudo ou lecer, a procura do seu personaxe, os ensaios en horas roubadas ao descanso, á familia e aos amigos, as interminabeis repeticións e erros que irritan, o medo da estrea .... E que dicer da falta de medios, apoios, locais ... ?

Poderíades dicer : "en asuntos de teatro, os deuses estiveron sempre presentes".


Ou talvez empregariades o dito "hai amores que matan" En fin ... o certo é que, pese aos sacrificios e atrancos sempre hai quen, por levar a contra, practica un Teatro Amador.

E Meiro non podía ser unha excepción. En terra de xentes inxeadas, non podían faltar amantes do teatro. Hai aproximadamente tres anos a Asociación Sociocultural, Deportiva e Xuvenil de Meiro botaba a andar un grupo que hoxe leva o nome de Simalveira.



Cravos de prata

A estrea fixose con a obra "Cravos de prata" no ano 2.000 e actualmente teñen en cartaz "Noites de lixo" que consta de 4 obras curtas onde se trata este tema desde diferentes ópticas. O contacto e intercambio con outras asociacións culturais lévaos a actuar por diferentes lugares, chegando até mesmo a Portugal. E aínda que sempre hai pesimistas (ou realistas que ven as dificultades a que se enfrentan), coido que a actividade teatral de Simalveira, sexa irregular, sexa interrompida ou sexa imperfecta, seguirá adiante contra vento e marea. As razóns de por que? Elas e eles saberránno.



Cravos de prata